

ACTA

Nº 40 Ano 2014.

En Santiago de Compostela, previa convocatoria, reúnese o Comité de Seguridade e Saúde Intercentros na sala de xuntas D, no Edificio Administrativo de San Caetano sendo as 10,45 horas do día 28 de marzo de 2014, tratándose os diferentes puntos da Orde do Día.

ASISTENTES:

REPRESENTANTES DA EMPRESA:

<i>Nome</i>	<i>Posto</i>	<i>Teléfono</i>
Emilio J. de la Iglesia Lema	S.X. Presidencia	4.42.03
Ignacio Garrote Freire	D.X.Traballo e Economía S.	4.47.71
Laura Suarez Fernandez	D.X. Avaliación e Reforma	4.54.67

REPRESENTANTES DOS TRABALLADORES

<i>Nome</i>	<i>Organización Sindical</i>	<i>Teléfono</i>
Eduardo Freire Pousa	CC.OO.	660-040-056
Jose Carlos Rocha Arrue	UGT	629-851-751
Pablo Rama Remuiñán	CSI-F	881-542-850
Mª Xose Crespo Hermida	CIG	607-995-385

Asisten asímesmo Pablo Diaz Vazquez e Carmen Gomez Couso, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais e Jose Acuña Vilas, por Mugatra.

1- Lectura e aprobación da última acta:

Acordase por unanimidade aprobar a acta da anterior xuntanza.

2.- Presentación e debate da memoria das actividades preventivas realizadas no 2.013, pola Admón. Xeral da Xunta de Galicia.:

Pablo Diaz vai introducindo cada un dos apartados da memoria, conforme se relata:

a) Organización Preventiva. Dáse conta da situación do cadro de persoal do servizo, debido os cambios motivados pola próxima publicación do concurso de traslado entre o persoal funcionario.

b) Xestión da Prevención. Non hai novidades. CCOO fai constar que hai un ano que fanse subir as actas deste comité a páxina web do Servizo e inda non está feito. A Admón. manifesta que farase proximamente, que o retraso é debido a solución de problemas técnicos.

c) Accidentalidade. Neste apartado intervéñen Carmen Gomez manifestando que inda que no pasado ano houbo un moi pequeno incremento da sinistralidade, seguimos por baixo dos índices de accidentes existentes no sector servizos. UGT fai constar que a maior parte dos sinistros, que concéntranse nas tarefas de incendios e nas de coidados as persoas dependentes, son debidos sobre todo a falla de descanso. CIG pregunta se a Administración ten pensado tomar medidas para que o binomio mais accidentes-maior idade do persoal, poida ser contrarrestado. CSIF solicita que nos catro postos de traballo onde prodúcese moitos accidentes, veña desglosada as causas que motivan os mesmos. CCOO manifesta a súa preocupación porque seguimos aumentando a sinistralidade, inda que sexa un 2,5%, temos que voltar a senda da diminución. Tamen fai constar que moitos dos sobreesforzos, principal motivo de sinistralidade, agachan unha enfermidade profesional non declarada, polo que solicita que se faga seguimento as persoas traballadoras vítimas dos mesmos, xa que de resultar que repítense nalgúns persoas, deberíanlle recoñecer as mesmas a súa enfermidade profesional, polo que serían atendidas medicamente coma doentes crónicos, e as súas recaídas non constarían coma accidentes de traballo. A Administración resposta que o desglose solicitado dos accidentes nos postos, será levado os Comités de Seguridade afectados, que atenden as persoas que desenvolven o seu traballo neses postos. CCOO manifesta que sigue habendo importantes diferencias nos números de accidentes investigados nos servizos provinciais. A Admón resposta que dado que a meirande parte dos sinistros teñen carácter leve, a súa investigación queda a criterio de cada un dos servizos, polo que acordase que desde o Servizo Central trasladaranse uns criterios uniformes de actuación, para evitar estas diferencias.

d) Avaliación de riscos. Tras a breve exposición, non houbo intervencións.

e) Vixilancia da saúde. Tras a breve exposición, na que non houbo intervencións, a Administración informa que na páxina web xa están colgados os formularios para solicitar a prestación por risco durante o embarazo ou lactación.

f) Formación. Tras a breve exposición, CSIF propón que a Administración facilite o persoal o acceso a planificación familiar e consello xenético e prenatal, a través dos medios dos que dispón. A Administración manifesta que este tema debe ser tratado na Comisión Paritaria do V Convenio Colectivo para o persoal laboral, xa que deriva do artigo 33.2 do referido convenio. A parte sindical solicita formación en control/xestión do estrés laboral e técnicas de relaxación.

e) Participación. Tras a breve exposición, na que se constata que o número de xuntanzas dos diferentes comités de seguridade diminuíu lixeiramente, CIG solicita un listado actualizado dos integrantes destes comités, tanto pola parte da administración, coma da parte sindical. A Administración manifesta que dará traslado ós integrantes deste comité, dun listado no que figuren os datos do Presidente e Secretario, de cada un dos comités de seguridade e saúde laboral existentes.

f) Medidas de emerxencia. A Administración expresa que inda que o número de simulacros é pequeno, aumentaron moito as actuacións previas a estes, formación e documentos de medidas, polo que este ano estase en disposición de realizar un bo número de simulacros. UGT solicita que se realicen no Edificio Administrativo de Monelos e nas dependencias da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en A Coruña. A Administración manifesta que en Monelos farase, e en Sanidade están a espera da avaliación de riscos a realizar, debido o traslado de dependencias que houbo.

3.- Debate sobor da realización dos traballos ó exterior, cando existen condicións climatolóxicas moi desfavorables.-

CCOO que propuxo este tema, considera que debe haber un procedemento de actuación para a realización de traballos cando existan estas condicións, que supón que por desgracia daranse en sucesivos invernos. CIG fai constar que nos traballos no mar, existe un listado de actividades que non se poden realizar con mal tempo. CSIF considera que debería existir un catálogo cos postos de traballo afectados en caso de temporal. Acórdase que a Administración elabore un procedemento sobre esta materia, que será remitido a este comité para o seu debate.

4.- Nomeamento das persoas substitutas dos representantes da Administración.

A Administración designa coma substitutos a:

Pablo Díaz Vazquez, pola Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia e a Queta Via Leira, pola Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.


O representante da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, manifesta que non ten o nome da persoa que o substitúe, traerano próximamente e dado que non asiste o representante da Dirección Xeral de Función Pública, o nome do seu substituto queda tamen pendente.

4.- Rogos e Preguntas.-


CCOO pregunta se os procedementos de coordinación de actividades empresariais e de consulta e participación, que xa foron debatidos neste comité, están aprobados e publicados. O presidente informa que decidiuse non publicar no dog estes procedementos de actuacións, que foron aprobados no Consello da Xunta de Galicia, o día 18 de novembro pasado, que serán enviados a maior brevidade os integrantes deste Comité. Píde disculpas por no haber comunicado esta aprobación.

Levántase a sesión sendo as 12, 30 h.

Vº Bº O PRESIDENTE


EMILIO DE LA IGLESIA LEMA

Vº Bº O SECRETARIO


EDUARDO FREIRE POUSA

